

D e p o r t e s

O Esteo renóvase para afrontar a próxima campaña

O fútbol sala pontés volve exercer de ave fénix, e logo dos apuros da pasada tempada do equipo de O Esteo F. S. para manter a categoría en Primeira División B, este ano quere apuntar algo. E é que á vila pontesa está a custarlle moito recuperar o lugar que lle corresponde por tradición e calidade neste deporte. Logo de estar afeitos a que o Autos Puentes se codease coa élite, veu a gran decepción dun proxecto que fixo augas cando volvíaa ilusionar, co Galparket F. S. Cando O Esteo colleu o testemuño facíao desde unha perspectiva máis modesta, pero de contado volveuse a demostrar que nas Pontes podíanse poñer as miras altas. Agora, á vista da falla de relevo, a directiva do clube pontés de fútbol sala apostou por un ambicioso proxecto que pasa por volver traballar coa base e armar un equipo com-

petitivo na primeira pantilla que sirva como espello e obxectivo para os máis novos. Este ano xa non houbo tempo para preparar un equipo de xuvenís para a liga autonómica, pero si se traballa, con vistas á tempada que vén, cun grupo de novas promesas, competindo na liga local.

Fichaxe estrela. En canto ó equipo da Primeira División B apostouse sobre seguro recuperando ó fillo pródigo, Pellón. O xogador máis talentoso que deu o fútbol sala da vila volve a casa para apoiar a un grupo de xente coa que comparte a ilusión por recuperar os mellores tempos desta modalidade no seu pobo. Logo dunha dilatada e exitosa experiencia en moitos clubes -a pasada campaña militou en Primeira A xunto ao Cidade de Narón-, Pellón rexeitou ofertas

de categorías superiores para apuntar unha formación que contará con outros xogadores con moita experiencia como Fran, Sergio ou Susin. Xunto a eles estarán os mesmos xogadores que acabaran a liga pasada, agás o porteiro Chetos, e Nené. Para cubrir estas baixas están moi avanzadas as negociacións para asinar a un ala zurdo e un porteiro, que serían os únicos que non procederían do pobo. Na directiva estase a traballar con moito afán por recuperar a implicación social, e vaise emprender unha campaña de captación de socios a prezos moi populares para fidelizar á afección. De calquera xeito a ilusión semella presidir esta nova etapa no Esteo que, sen urxencia, pero tamén sen prexuízos, tentará devolver as tardes de éxitos no fútbol sala para o disfrute das gradas do pavillón pontés.

Rugby: el CRAT en As Pontes y el Fendetestas en Arteixo, logran sendos trofeos estivales

El Crat herculino se alzou con el título del "seven" pontés. El equipo A del Crat herculino consiguió revalidar el título del Seven Internacional de As Pontes, una convocatoria que en esta su octava edición es considerada ya la más prestigiosa de Galicia en la modalidad de rugby a siete. Doce formaciones procedentes de Galicia, Asturias y Portugal secundaron este año la convocatoria realizada por el Fendetestas local, organizador de este torneo que se encuadra en el programa de celebraciones de las Fiestas del Carmen. Después de una fase previa en la que se dejó sentir la diferencia entre de nivel entre algunas formaciones participantes -varios de los enfrentamientos se resolvieron por más de 40 puntos de ventaja-, las escuadras que se clasificaron para luchar por el título, es decir, el grupo de la Copa de Oro, fueron el Crat A, el Vigo RC, el combinado de Os Pementos y el equipo luso del Arcos de Valdevez. Todos ellos se habían clasificado en la primera posición de sus respectivas liguitas. La primera semifinal enfrentó a coruñeses y olívicos en un partido que los herculinos resolvie-

ron a su favor con menos comodidad que sus choques anteriores pero sin pasar apuros por un marcador de 14-5. En la final por el título les esperaba Os Pementos, una especie de "selección" gallega confeccionada específicamente para este tipo de torneos estivales de rugby a siete que fue la que más resistió al empuje de los Evaristo, Andrés, Juan Salgado, Álex, Chuki, Parrado, Toni, Berni, Zipi y Diego. Sin embargo, el Crat consiguió hacerse con el triunfo final, por un ensayo de diferencia y anotar así su tercera victoria -segunda consecutiva-, en el Seven Internacional de As Pontes. En el grupo de consolación, en el que jugaron los mejores segundos de cada uno de los cuatro cuadros, la primera posición y Copa de Plata fue a parar al Mareantes de Pontevedra, que se impuso en el enfrentamiento final precisamente al conjunto B del equipo del Crat.

O Fendetestas deu a sorpresa en Arteixo. O Fendetestas quedou subcampión do Trofeo Internacional de rugby praia de Arteixo. Os ponteses deron a sorpresa na súa primeira participación neste campionato, un

dos máis prestixiosos do circuito desta modalidade, e prantáronse na final, logo de chegar ata o último partido imbatidos. Neste torneo, disputado na praia de Sabón, os ponteses superaron como primeiros a liguita nun grupo complicado, logo de derrotar amplamente ó Burgos Rugby Club, por cinco a cero e vencer no choque que dirimía o primeiro de grupo, o Belenos, da localidade de Avilés, por un marcador algo máis axustado, 4-2. Unha vez clasificados para a Copa de Ouro como campión de grupo, o cadro pontés tivo que desfacerse en semifinais do Baluros, de Pontevedra, o que finalmente conseguiu por un apretado 4-3. Xa na final, os de Ferrolterra víronse as caras co vixente campión, o Camelias VII. Este combinado é unha selección de xogadores dos mellores clubs da provincia de Pontevedra, e partía como favorito para revalidar o título. De calquera xeito, a final foi moi vistosa, cun Fendetestas que non pudo sacar proveito do seu maior dominio e víuse sorprendido pola grande efectividade á contra dos do Camelias, que venceron ó final por un marcador de 3-0.

O IX Trofeo Vila das Pontes de xadrez desenvolveuse no Lar o pasado 13 de xullo, nunha competición que se inscribiu xa no programa da festividade do Carme. O torneo, que contaba cunha dotación de 500 euros en premios, disputouse ó xeito de partidas semirrápidas, cun total de sete roldas a cumprir para as que se acordou un tempo de 25 minutos a "finish" por xogador. O campión absoluto foi o Grande Mestre Internacional letón Ilmars Starotsis. Segundo quedou o tamén Mestre Internacional, de nacionalidade rumana, Marius Manolache. E o terceiro xa foi Antonio Pazos, do Círculo Ferrolán. O listado de premios, ademais de para os primeiros da

O GMI Starotsis, campión en As Pontes

xeral, contemplaron tamén trofeos para os participantes que non tiñan acreditación ELO, así como ós mellores xadrecistas locais. En canto ó mellor pontés, foi Antonio Castro, do Xadrez As Pontes, e a mellor pontesa, Rocío Tojeiro, do mesmo clube. No grupo dos que non posúen ELO Fide, o vencedor foi o coruñés, do

Ex-Alcohólicos, Miguel Mendoza; segundo Miguel Pereira, de Novo clube de Ortigueira, e terceiro foi Francisco Leal, tamén do equipo herculino de Ex-Alcohólicos. Finalmente, entre os que non posúen nin ELO nin FIDE nin FEDA, o vencedor foi un deportista local, Javier Novo, por diante de Gonzalo Saavedra, de Pontevedra, e de José Antonio Gómez, de Silleda. Entre as categorías de base, o gañador en xuvenís foi Jorge Mejuto, do Círculo Ferrolán, e en cadetes Carmen Graña, do mesmo clube. Por último, nos infantís gañou Brais Fernández, de Sigrás. A participación neste torneo das festas do Carme acadou os 36 xadrecistas.

O Gallaecia, segundo no Estatal das Pontes

As Pontes volveu demostrar ser o enclave perfecto para a disputa das probas dun raid, e o Campionato de España desta esixente disciplina deportiva resultou todo un éxito. O Gallaecia Raid, que leva xa tres anos organizando as probas nesta localidade, apostou polo municipio pontés á hora de desenvolver esta edición do campionato estatal. Foron equipos chegados de tódalas partes de España os que tiveron que percorrer estradas comarcais, sendeiros, camiños e corredoiras, pero tamén polo mesmo casco urbano, o que fixo un pouco máis presentes entre os curiosos ós esforzados atletas. Ademais das probas de orientación, tanto en carreira como nas bicicletas, ou nas canoas, os equipos deberon enfrontarse a probas de trekking, natación, tiro con arco, rappel, tirolina ou patíns en liña, nun percorrido que todos coincidiron en cualificar como moi duro, pero, sen dúbida espectacular. Na categoría oficial para a disputa do Campionato de España, na elite, o triunfo foi para os cataláns do Buff Coolmax, que investiron 25 horas, sen parar, para cubrir todo o percorrido, formado por algo máis de 210 kilómetros.

Locais. Abriron unha seria distancia de algo máis dunha hora cos segundos, que foron os anfitrións, o Gallaecia Raid Bugarent. No terceiro posto do ranking quedaron os tamén cataláns do Haglofs Silva. Na modalidade de aventura, onde xa se permiten relevos, e non se exige o "non stop" que condiciona á máxima categoría, a victoria finalmente foi para o NEO TR, despois de que se aprobase o recurso presentado ante unhas posibles bonificacións nun dos equipos, que contaba cunha participante feminina, conclusións que a Federación emitiu onte á noite. Onde non houbo lugar á dúbida foron na prata e no bronce, que acabaron nas mans de senllos equipos dos bombeiros da Coruña, o equipo A foi segundo, e o B foi terceiro. Aquí os primeiros en entrar en meta empregaron 18 horas. A outra representación da comarca correu a cargo do Montaña Ferrol, que por primeira vez presentaba á proba un equipo de élite -en anteriores edicións competiron só no apartado de aventura-, ademais do de aventura, pero en ningún dos dous casos puideron rematar a competición

El Sílex, bronce en el Estatal

El equipo compuesto por Iria Grandal, Pilar García (Arco Narón) y Gema Buitrón (Sílex As Pontes), consiguió el pasado mes de julio en A Coruña revalidar el bronce del pasado año en el Nacional de clubes -modalidad arco recurvo femenino-. Esta escuadra mixta, sin embargo, podría volver a perderse el Europeo, torneo para el que estarían clasificadas teóricamente con esta medalla, debido a la reglamentación que excluye a formaciones hechas con integrantes de dos entidades. Las locales entraron en el torneo con la sexta mejor puntuación, pero un gran

"round" inicial las puso directamente entre las cuatro escuadras que iban a disputarse los metales. Los dos siguientes enfrentamientos -se disputó una liguita- se resolvieron de forma contraria a los intereses de las de Ferrolterra, pero en el tercero, que decidía el bronce, las dos internacionales, Grandal y Buitrón, y la arquera proveniente de la escuela municipal de Narón, García, sacaron a relucir su mejor forma -el viento también amainó favoreciendo la eficacia- y superaron por más de 20 puntos a la formación del Leganés para terminar terceras.

El pontés Rochela asume la baja de Coloccini en el Depor



Se une, así, al otro pontés de la primera planilla deportivista, Piscu.

El canterano, que sustituyó a Coloccini en la lista de convocados para la gira de Venezuela, afronta su segunda concentración larga de pretemporada con el primer equipo. Joaquín Caparrós se lo llevó a Isla Canela, en Huelva, con sólo 16 añitos. Ahora es Miguel Ángel Lotina el que le abre la puerta del primer equipo. No tiene prisa por llegar a la máxima categoría del fútbol español, aunque sueña con poder cumplir ese sueño

con el Deportivo. Increíblemente maduro, con una serenidad impropia para un chaval que es una promesa y está en la élite, la perla de la cantera sorprende en el campo y fuera de él. En su segunda pretemporada con el primer equipo el coruñés se encuentra. "Muy bien. Estas cosas son productivas y estar con esta gente, que es con la que más puedes aprender es una oportunidad para seguir evolucionando como jugador y como persona". Caparrós sorprendió a todos cuando citó a los jóvenes para la concentración de Isla Canela, hace dos años, el zaguero dice que son "cosas que no te las esperas y cuando te llegan la verdad es que te sorprenden bastante. Quizás fue más extraño lo de Isla Canela porque con 16 años era muy pequeño, pero me sigue sorprendiendo de todas formas. El central ve en la salida de Coloccini la oportunidad de tener más opciones en el primer equipo. "Hay que seguir trabajando, yo estoy aquí para ello", aunque reconoce que no deja de ser una gran responsabilidad, de hecho así lo asume.